



CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **VINTE E UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 19 de febreiro de 2020

A SECRETARIA XERAL,

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de febreiro de dous mil vinte.
2. Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación por lotes dos seguros privados de danos en bens mobles e inmoables, responsabilidade civil, frota de vehículos, vida e accidentes, seguro de gando vacún e seguro de gando cabalar, desta Deputación Provincial.
3. Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación da subministración de equipos de protección individual e uniformidade/roupa de traballo destinados á plantilla desta Deputación Provincial.



4. Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación da subministración de gasóleo C para o funcionamento das instalacións térmicas dos diferentes centros pertencentes a esta Deputación Provincial.
5. Proposta de adxudicación, se procede, da contratación das prestacións de teleasistencia domiciliaria desta Deputación Provincial.
6. Declarar, se procede, deserta a contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG, para o Parque Móbil desta Deputación Provincial.
7. Proposta de aprobación de incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro de subvención, así como do procedemento de reintegro de anticipo de subvención outorgada dentro do Programa de mellora do abastecemento e da calidade da auga no medio rural mediante o aproveitamento eficiente dos recursos hídricos, ano 2016.
8. Aprobación, se procede, de Plans de Seguridade e Saúde no Traballo.
9. Proposta de autorización de compatibilidade a un traballador que presta servizos como persoal eventual desta Entidade Provincial.
10. Comparecencia no Procedemento Ordinario nº 7026/2020.
11. Comunicacóns da Presidencia.
12. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.